

ACTA N° 52/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 27 DE DECEMBRO 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.
D. Daniel Rodas Chapela.
Dna. Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, o 27 de decembro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local número 48/10 e 49/10, correspondentes ás sesións do 29 de novembro e 9 de decembro de 2010, respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobalas.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dase conta que na resolución n° 635/10, do 22 de decembro de 2010, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para o recoñecemento da obriga co obxecto de facerlle un posterior pagamento ao Padroado Beiramar.

3- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación,

deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

- EXPTE. 178/09 – D. MANUEL CANABAL GONZÁLEZ, D^a M^a DOLORES LUISA CASTRO MOURIÑO E D. ANTONIO CANABAL CASTRO presentan proxecto básico e execución de dúas vivendas unifamiliares adosadas e muro de peche, no barrio de Calvar-Domaio-Moaña, redactado polos arquitectos D. Javier Sánchez Fernández e D^a Elena Simón Barreiro, visado o día 12.08.2009.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 22 de decembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA DÚAS VIVENDAS UNIFAMILIARES E MURO DE PECHE
INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta senllas acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 25 de marzo de 2010 para ordenanza 2 das NN. SS de planeamento municipal.

Non require informes sectoriais.

O proxecto inicial visado polo COAG o 12/08/2009 foron substituídas a xustificación do cumprimento da anterior normativa pola actualmente vixente, Decreto 29/2010, e os planos visados o 22/09/2010 AO1*, AO2*, AO3*, AO5*, AO6* e AO7*, substitúen a AO1, AO2, AO3, AO5, AO6 e AO7.

Cédense 35,62 M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 800 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie das parcelas A e B ascenden a 286,93 e 239,95 m² respectivamente.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	6.619,18 €
Taxas licenza urbanística.....	827,39 €
Cartel de obra.....	110 €
Taxas conexión saneamento	360 €

4.-PECHES

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados/as que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras menores, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición aos condicionamentos establecidos no devandito informe, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

4.A) EXPTE. 211/10 – D^a MARÍA JOSÉ DURÁN BLANCO presenta croquis de muro de peche a lindeiros e a vía pública, situado no lugar de Redondo nº 151, de conformidade coa documentación adxunta. Orzamento das obras: 2.100 €; peche a vía pública 29 x 1,50 m; peche a lindante: 6 x 1,50 m de alto.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 22 de decembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE (O. MENOR)

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación presentada.

Non require informes sectoriais.

Retranqueo do eixo da vía será non inferior os catro metros.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	58,80 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

4.B) EXPTE. 216/10 – D. FRANCISCO IGLESIAS CALVAR solicita a construción de muro de peche de 49,74 ml (74,61 m²), con 2 portais de entrada (3,00 e 1,00) lindantes con vía pública, para o circundado da súa propiedade no lugar da Xalde de Abaixo, nº 12-A, do barrio da Xalde, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 22 de decembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE E DOUS PORTAIS (O. MENOR)

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación presentada.

Non require informes sectoriais.

Retranqueo do eixo da vía será non inferior os catro metros.

Altura máxima respectando as características da memoria non sobrepasará o metro e medio da rasante.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	62,67 €
-----------------------------	---------

Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.C) EXPTE. 215/10 – D^a MARÍA DEL MAR CHANTADA CHANTADA solicita a construción de peche de 13,30 x 1,50 m de altura, lindante con vía pública, a base de postes metálicos, unidos por malla metálica en tramos de dous metros, no barrio de Reibón-Meira, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 22 de decembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE (O. MENOR)

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación presentada.

Non require informes sectoriais.

Retranqueo do eixo da vía será non inferior os catro metros.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 12,66 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. MANUEL MAGÁN ARCA no que SOLICITAN licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada no lugar da Bouza do barrio da Praia, pertencente á licenza de obra Expte. n^o 52/2008, concedida pola XGL en sesión de data 24.03.2008.

A dito escrito engádeselle a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de Conexión aos sumidoiros.

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Raul Rey Fandiño, o día 12 de agosto de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 20 de agosto de 2010; asinado polo arquitecto D. José Pastoriza Rodas o día 12 de agosto de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 6 de setembro de 2010.

Fotografías da obra rematada.

Estado final das obras visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 06 de setembro de 2010.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Recibo do pago de taxas por licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:
Primeiro: conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 52/2008, ao seu promotor D. MANUEL MAGÁN ARCA, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

Segundo: Trasladarlle o acordo á Mancomunidade e a Aqualia.

6.- CERTIFICACION DA OBRA “CONSERVACIÓN E REFORMA CENTRO CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”.

En data 17 de decembro de 2010, a empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A. presenta certificación nº 2 da obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”, asinada polo director de obra D. Rodrigo Currás Torres, así como da factura nº 359A/10 de data 30/11/10, por importe de 16.005,65 euros, IVE incluído.

Visto o informe do interventor municipal, de data 23 de decembro de 2010, no que se da conta de deficiencias formais na certificación da obra e necesidade de aportarse informe ou dilixencia emitida polo Director de Obra no que se faga a constar a porcentaxe subcontratada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Requirir do adxudicatario para que proceda á sinatura de conformidade da relación valorada e informe ou dilixencia emitida polo Director de Obra no que se faga a constar a porcentaxe subcontratada

Segundo: Aprobar a certificación ordinaria nº 2 de data 30 de novembro de 2010 e por importe de 16.005,65 € da obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”.

Terceiro: Aprobar a factura nº 359A/10 de data 30/11/10 presentada pola empresa adxudicataria JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A por importe de 16.005,65 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3340.62201.

7.- CERTIFICACION DE OBRA “REFORMA DE CAMPO DE FUTBOL DE DOMAIO”

Dáse conta da certificación nº 6 da obra “REFORMA DE CAMPO DE FUTBOL DE DOMAIO” presentada pola Empresa Construcciones en Piedra SIGRAS, S.L. en data 10 de decembro de 2010, asinada polo técnico director Jose Luis Domínguez González así como da factura número 253 de data 01/101210, por importe de 190.422,31, IVE incluído.

Informa o Interventor Municipal, en data 23 de decembro de 2010, que non consta a documentación esixida pola cláusula 30.5 do prego xustificativa da subcontratación, debendo incorporarse o expediente informe do técnico neste sentido así como problemas derivados da inclusión de partidas de obra con prezos unitarios que non figuran no proxecto ou con denominación distinta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido polo Interventor Municipal pois o informe do director das obras sobre a subcontratación consta no expediente e por entender que os desaxustes nos prezos unitarios son de carácter menor e non obstan para a aprobación pertinente da certificación.

Segundo: Aprobar a certificación nº 6 de data 01/12/10, por importe de 190.422,31 euros da obra “Reforma de campo de fútbol de Domaio”.

Terceiro: Aprobar a correspondente factura nº 253 a nome da empresa adxudicataria, Empresa Construcciones en Piedra SIGRAS, S.L., polo mesmo importe de 190.422,31 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3420.63201.

8.- APROBACIÓN DE AXUDAS EXTRASANITARIA DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO

Á vista do expediente tramitado polos Servizos de Persoal deste Concello.

Visto o informe emitido pola Intervención Municipal, de data 13 de decembro de 2010.

Vista a proposta de concesión de axudas extrasanitarias remitido polo Delegado de Persoal, de data 17 de decembro de 2010.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Resolver os reparos emitidos no informe da Intervención Municipal de data 13 de decembro de 2010, por considerar que das deficiencias na tramitación do expediente, imputables á propia Administración, non poden derivar merma de dereitos dos administrados e que a solicitude nos tres primeiros meses do ano, así como a presentación de tres orzamentos para o primeiro e segundo grupo de solicitudes se demostrou de imposible cumprimento, polo que se procedeu á modificación do regulamento inicialmente aprobado.

Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto derivado das seguintes solicitudes e polos conceptos e importes que se sinalan:

Nome	Tipo de axuda extrasanitaria	Importe de axuda
Xurxo Casal Blanco	Lentes para a súa filla	146,61 €
Manuel García Fernández	Ortodoncia	2.500,00 €
Balbino Pena Costa	Lentes para a súa filla	510,00 €

José Manuel Pérez Santiago	Gastos odontolóxicos	200,00 €
Javier Acebedo Santomé	Lentes	387,46 €
Fernando Boubeta Villaverde	Prótesis bucal	250,00 €
Margarita Calvar Fernández	Odontoloxía da filla	235,88 €
Manuel Gómez Silva	Gastos odontolóxicos	50,00 €
José Manuel Pérez Santiago	Gastos odontolóxicos dos fillos	100,00 €
Soledad Ríos Santomé	Podólogo	500,00 €
Soledad Ríos Santomé	Oftalmólogo	160,00 €
Soledad Ríos Santomé	Oftalmólogo	50,00 €
Fernando Boubeta Villaverde	Oftalmólogo dos fillos	370,00 €
Xosé Bieito Pérez Carrera	Lentes para a súa filla	145,00 €
Pablo Martínez Costa	Lentes para é e a súa cónxuxe	865,00 €
TOTAL AXUDAS EXTRASANITARIAS		6.469,95 €

Terceiro.- Denegar a solicitude de José Rodríguez Veloso polo período de tempo transcorrido entre a solicitude e a presentación da documentación esixible.

Cuarto.- Requirir aos interesados a presentación das facturas correspondentes e declaración de non solicitude doutras axudas para o mesmo fin, cando esa documentación non obre xa no expediente.

9.- RECTIFICACIÓN DE ACORDO SOBRE AXUDAS EXTRASANITARIAS

Advertiuse erro de transcripción no acordo da Xunta de Goberno Local do 25 de outubro de 2010 que dicía: *conceder a axuda extrasanitaria a D. Javier Gil Collazo para a adquisición de gafas, e así aprobarlle o recoñecemento da obriga, por importe de 280,80 euros, con cargo á partida 2210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria, xa que, á vista dos antecedentes e do informe do interventor, a contía aprobada é de 280,00 euros non 280,80 €.*

A intervención propón a súa corrección.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda rectificar o acordo tomado no sentido de que recolla correctamente a contía que se aproba, sendo *conceder a axuda extrasanitaria a D. Javier Gil Collazo para a adquisición de gafas, e así aprobarlle o recoñecemento da obriga, por importe de 280,00 euros, con cargo á partida 2210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria,*

10.- ANULACIÓN DE ACORDO DO 25 DE XANEIRO DE 2010 DE LIQUIDACIÓN DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA DE IBERDROLA.

A tesourería informa que cómpre anularse o acordo da XGL do 25.01.10 que aprobaba a liquidación da taxa por aproveitamento especial de **Iberdrola, S.A.**, do período de novembro 2009 e por un importe de 7,06 euros, por estar duplicada, xa que foi acordada esta liquidación por este mesmo período na Xunta de Goberno Local do 14/12/09.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda das persoas asistentes, acorda anular o acordo do 25.01.10 polo que se aproba a liquidación da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública por IBERDROLA S.A. polo período de novembro de 2009 e por importe de 7,06 euros.

11.- CONVOCATORIA PARA O PAGO DO 2º TRIMESTRE ESCOLA DE MÚSICA

Visto o informe-proposta do director da Escola de Música Municipal do 27 de decembro de 2010, que di:

CONVOCATORIA PARA O PAGO DA SEGUNDA TRIMENSUALIDADE DO ALUMNADO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA CURSO 2010- 2011

Segundo os parámetros contempladas na ordenanza de prezos correspondente, procédese ó pago da cota do segundo Trimestre co seguinte procedemento:

1 Do 10 ó 21 de Xaneiro de 2011 formalizarase o pago das clases mediante o **pago da cota correspondente ao 2º Trimestre** do curso 2010-11 no número de conta do Concello de Moaña **2080 0529 05 0040000800**

Constará en concepto:

- | |
|--|
| <p>1. COTA 2º TRIMESTRE Escola Música.
 2. nome do alumno
 3. nome do pai/nai/titor</p> |
|--|

As contías ascenden a:

TIPO de COTA	SEN DESCONTO	DESCONTO 25%	DESCONTO 50%
TIPO de FORMACIÓN	COTA TRIMESTRAL	COTA TRIM.	COTA TRIM.
INICIACIÓN MUSICAL	21€	15,75	10,50
INSTRUMENTO NIVEL 1 (1ª a 3º curso)	36€	27	18
INSTRUMENTO NIVEL 2 e 3 (4ª a 8º)	42€	31,50	21

2 Do 10 ó 21 de Xaneiro de 2011 o alumnado deberá presentar nas dependencias da Escola, en horario de 17:30h a 20:00h, o xustificante de pago, **resgado de cor amarelo**, da oficina bancaria conforme as contías están pagas.

3 Asemade, o departamento de recadación emitirá unha **relación de pagos** da cota 2º trimestre da Escola de Música a día 18 de Xaneiro de 2010, **para poñer en coñecemento da oficina da Escola de Música** os alumnos que efectuaron o pago.

Adxunto este documento se inclúe **listado de alumnos** con dereito a formalizar o pago, no que se especifica nome de alumno, dos pais e o importe que lle corresponde pagar.

As reducións do importe de matrícula e a cota de primeiro trimestre se aplican segundo os parámetros recollidos na ordenanza reguladora de prezos e ascende a un 25% de redución nos casos

de Familia numerosa ou alumnos/as a matricular con 1º grao de consanguinidade (irmá/ns ou pai/nai/fillo) e dun 50% nos casos en que o departamento de Servizos Sociais do Concello emitiu un informe favorable por ingresos moi reducidos en relación ó indicativo IPREM de revisión anual.

Neste último caso os alumnos son:

- Óscar Rodríguez Díaz
- Aarón Rodríguez Díaz
- Alba Rodríguez Ríos
- Andrea Pérez Veiga
- Mauro Pérez Veiga
- Kevin González Santiago

Visto o listado de alumnos/as que acompaña o informe, o cal comeza por Agra Currás, Sara Ariadna e remata por Veleiro Carril, Uxía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a apertura do prazo de pagamento do segundo trimestre da Escola Municipal de Música, curso 2010-2011, e o listado de alumnos con dereito a formalizar o pago, no que se especifica o nome do/a alumno/a, dos pais e nais, e o importe que lle corresponde pagar.

12.- RESUME DO PADRÓN DE AUGA E SANEAMENTO DO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2010

Visto o resume do padrón de auga e saneamento do cuarto trimestre do ano 2010, entregado o día 21 de decembro de 2010 por AQUALIA, Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga, do período cuarto trimestre do ano 2010, por un importe 219.780,8 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o padrón de auga e saneamento do cuarto trimestre do ano 2010, por un importe de 219.780,80 euros, e que se expoña ao público polo período de tempo regulamentario.

13.- LUDOTECA: ALTAS

Vistos os informes do 17, 23 e 27 de decembro de 2010 remitidos pola coordinadora/monitora da Ludoteca en relación a solicitudes que se recibiron para a admisión de nenos/as no servizo da Ludoteca municipal, así como as tarifas que lle corresponden en función da ordenanza municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Dar de alta no servizo municipal da Ludoteca ás seguintes usuarias, con indicación do seu nome, o nº de socia/o, tarifa que lle corresponde e nome da persoa responsable obrigada ao seu pagamento:

Socio	Yago Pérez Hernández	Art. 4 Epgr. 1º
--------------	----------------------	------------------------

237	CARMEN HERNÁNDEZ PORRÚA (nai)	75.310.907 - L
Socia	Ainoha Rúa Boubeta	Art. 4 Epgr. 1º
238	MIGUEL RÚA COSTA (pai)	73.240.117 K
Socio	Valeria Rivero Fernández	Art. 4 Epgr. 3º a
239	EDITH FERNÁNDEZ ZAMORA	39.460.580 D

Segundo: Trasladar á Recadación municipal a presente resolución.

14.- FURANCHOS

14.A) BENJAMIN PENA ENTENZA, solicita autorización para vender viño da súa colleita – 900 litros- mediante furancho en Couso, nº 29 durante os meses de Febreiro, Marzo e Abril. Presenta declaración de colleita e de produción da campaña 2010-2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho a partir da data solicitada e por un periodo de 3 meses, debendo cumprir o establecido no Decreto 116/2008 do 8 de maio da Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza.

14.B) JOSE BERNARDEZ CAAMAÑO, solicita autorización para vender viño da súa colleita – 300 litros- mediante furancho en Broullón nº 47, a partir do 15 de Xaneiro. Presenta declaración de colleita e de produción da campaña 2010-2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho a partir da data solicitada e por un periodo de 3 meses, debendo cumprir o establecido no Decreto 116/2008 do 8 de maio da Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza.

15.- SOLICITUDE DE REPACIÓ DE NICHOS

D^a María Jesús Tenorio Gayo, por escrito do 20 de decembro de 2010, expón que o seu pai ten en propiedade no cemiterio municipal os nichos na zona vella nº 44 primeira preferencia, os cales están en moi mal estado pois ata lles chove dentro. Pide permiso para poder reparalos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a reparación dos nichos solicitada.

16.- RENUNCIA DA COORDINADORA DE SEGURIDADE E SAÚDE EN FASE DE EXECUCIÓN DA OBRA *CONSERVACIÓN E REFORMA DE CENTRO CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO*

D^a Cristina Pereira Cameselle, como coordinadora de seguridade e saúde en fase de execución da obra *Conservación e Reforma de Centro Cultural Rosalía de Castro*, comunica a súa renuncia como coordinadora con data 21 de decembro de 2010, e indica que o porcentaxe da obra executado ata ese data é do 10%.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar a renuncia de D.^a Cristina Pereira Cameselle e nomear a D. José Francisco Canosa Sanjurjo, colexiado nº 3424 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos de Vigo, como coordinador de seguridade e saúde en fase de execución da obra *Conservación e Reforma de Centro Cultural Rosalía de Castro.*

17.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
JULIO FERNÁNDEZ CASAS	Saneamento, uso doméstico	Ameixoadá, 57	Presenta factura de Espina e Delfin do ano 1998 pola acometida ao saneamento desa dirección	Aqualia Arquitecto técnico
CRISELDA GALLEGO PENA	Saneamento, uso doméstico	Broullón, 22	Presenta factura ao seu nome de Espina e Delfin do ano 1998 pola acometida ao saneamento	Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 18:50 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.